



# PROXECTO ETLÉN PARA O ESTUDIO DIALECTOGRÁFICO E DIALECTOMÉTRICO DA ZONA EO-NAVIA, ASTURIAS: FUNDAMENTOS TEÓRICOS E METODOLÓXICOS

**Ramón d'Andrés Díaz**  
**Fernando Álvarez-Balbuena García**  
**Xosé Miguel Suárez Fernández**  
Universidade de Uviéu

## 1. O concepto de “lingua” e a lingüística

É sabido que cando en lingüística falamos de “lingua” podemos estar a falar de realidades ben distintas. O termo “lingua” —central para a lingüística— non é precisamente unívoco, e o feito de abranguer conceptos diversos pode (e mesmo adoita) dar lugar a confusións e inconsistencias no labor do lingüista. Por iso coidamos que, para presentármolo proxecto de investigación que agora damos a coñecer, cómpre primeiramente procedermos a facer un deslinde conceptual —consonte ás liñas apuntadas por de Andrés (1997)— para deixarmos claro en todo momento de que estamos a falar cando falamos de “lingua”.

En primeiro lugar témo-lo concepto de **lingua-sistema**. Este é un concepto de tipo estritamente lingüístico, co que nos referimos a un sistema de signos orais, dobreamente articulados, que permite a comunicación e a comprensión mutua entre os individuos dunha comunidade humana. De acordo con este concepto, tódalas maneiras de falar (modalidades lingüísticas, variedades lingüísticas, lectos) son sistemas e, xa que logo, linguas. As posibles “maneiras de falar” que son linguas-sistema poden recibir designacións diversas dependendo do ámbito de uso e dos diversos factores socioculturais que inflúen neste tipo de terminoloxía: “linguas”, “idiomas”,

“dialectos”, “falas”, “falares”, etc.; pero cando os lingüistas non queren, non poden, ou non xulgan pertinente adherírense a unha destas designacións (é dicir, cando queren falar simplemente de “linguas-sistema”), empregan outras máis neutrais, como “modalidade lingüística”, “variedade lingüística” ou “lecto”.

En segundo lugar témo-lo concepto de **lingua-taxon** ou **lingua taxonómica**. É un concepto propio da taxonomía lingüística (quérese dicir, dunha taxonomía da diversidade lingüística baseada en criterios estritamente glotolóxicos) co que facemos referencia a cada unha das unidades básicas nas que se pode analiza-la glotodiversidade. Este é un concepto central da lingüística, que, sorprendentemente, non se soe definir lingüísticamente (ou, se se chega a definir, non adoita ser utilizado con tódalas consecuencias).

Á hora de clasifica-la glotodiversidade, no canto deste concepto de *lingua-taxon*, a praxe lingüística máis habitual soe basearse nun concepto sociolóxico –ou aínda sociopolítico– de “lingua”, absolutamente inserto na nosa cultura (non é casual que a maioría das linguas que coñecemos teñan nomes ‘étnicos’), alleo a criterios glotolóxicos, e que se asume acriticamente na práctica e mais no discurso dos lingüistas, sen chegar nunca a atinxir unha formulación en termos estritamente lingüísticos<sup>1</sup>. É o concepto que poderíamos chamar de **lingua sociolóxica**, que adoita apropiarse do espacio que en lingüística tería de ocupa-lo concepto glotolóxico de *lingua-taxon*. De feito, este terceiro concepto de “lingua” é tamén de tipo taxonómico, aínda que a taxonomía que o xera non é de natureza glotolóxica senón sociolóxica. Deste xeito, unha clasificación da diversidade lingüística que asuma este concepto de lingua sociolóxica terá en conta factores como a conciencia dos falantes, a codificación e implantación de estándares lingüísticos, a existencia de tradicións literarias, a pertenza territorial a un ou máis estados, etc. E isto ocorre porque, certamente, as linguas son, alén de instrumentos de comunicación e de *taxa* glotolóxicos, entidades sociais. Emporiso, a constatación desta realidade non nos pode conducir á incoherencia metodolóxica de mesturar ou confundi-la perspectiva lingüística e a perspectiva sociolóxica (ou sociolingüística) no estudio das linguas en xeral e no establecemento da súa taxonomía en particular. Esta incoherencia (usar un concepto de natureza non lingüística nun labor lingüístico) leva a resultados loxicamente inconsistentes, e así chegamos a extremos como, por exemplo, as diversas clasificacións das linguas románicas, que varían practicamente de autor a autor dependendo dos variados criterios sociopolíticos que se manexen. Hai que concluír, entón, que tal disparidade de resultados na análise é a consecuencia de non operar con criterios lingüísticos obxectivos, senón con criterios doutra clase, variables de autor a autor e alleos á lingüística.

## 2. A taxonomía lingüística

Á vista do exposto no punto anterior, a cuestión que nos interesa

---

<sup>1</sup> Recoñecendo isto, hai autores como Chambers & Trudgill (1998: 4) que chegan mesmo a renunciar ó emprego taxonómico-lingüístico do termo “lingua”: «(unless we want to change radically our everyday assumptions about what a language is) we have to recognise that, paradoxically enough, a ‘language’ is not a particularly linguistic notion at all».

determinar agora é a seguinte: ¿é posible unha definición estritamente lingüística de “lingua-*taxon*”, que non recorra a criterios sociais, culturais ou políticos? Ou dito noutros termos: aínda que a lingüística adoita renunciar a formular lingüísticamente este concepto, ¿pódese establecer unha taxonomía da diversidade xeolingüística coa axuda de criterios estritamente glotolóxicos? Nós coidamos que debe ser posible, da mesma maneira que é posible clasificar e taxonomiza-la diversidade de calquera outro plano da realidade. E coidamos que esta clasificación debe poder facerse empregando criterios estritamente lingüísticos, malia recoñecermos que isto non constitúe unha tarefa doada. En todo caso, queremos salienta-los que a posibilidade teórica de a facer existe e pode ser desenvolvida.

Na nosa opinión, para establecer unha taxonomía da variedade glotolóxica que atenda a criterios estritamente lingüísticos cómpre prescindir de toda referencia a entidades políticas (estados, países, circunscricións administrativas...) ou a feitos de natureza sociocultural (conciencia dos falantes, influencia de linguas-estándar, existencia de literatura...). Cómpre clasifica-la variedade lingüística baseándose estritamente na comparanza de sistemas lingüísticos, no contraste das semellanzas e das diferencias nos trazos lingüísticos dunhas falas e outras. En suma, cómpre clasifica-la glotodiversidade coa ferramenta propia da ciencia lingüística, e exclusivamente con ela.

Unha taxonomía lingüística como a que propomos —coa aplicación duns criterios numéricos axeitados— permitiría analiza-la diversidade lingüística en unidades glotolóxicas, ó mesmo tempo que permitiría establece-lo que ten que se clasificar como “lingua” e o que ten que se considerar como “dialecto”, baseándose estritamente no peso cuantitativo dos trazos comúns e dos trazos diferenciais das diferentes variedades lingüísticas. Asemade, no nivel xeolingüístico, a aplicación destes mesmos criterios permitiría establecer glotoloxicamente as fronteiras e mailas áreas de transición entre as diversas linguas.

Un dos problemas que se presenta á hora de establecer unha taxonomía glotolóxica da diversidade lingüística é que as linguas non soen existir como realidades discretas, senón —na maioría dos casos— como partes integrantes dun *continuum*. O problema de trazar fronteiras lingüísticas nun *continuum* xeolingüístico remite directamente á distribución espacial das diferentes solucións que presentan os fenómenos lingüísticos. Ou dito noutras palabras: o problema remite á distribución das isoglosas que marcan a transición gradual nun *continuum* lingüístico.

Polo menos en teoría, poderíamos pensar en tres modelos de *continua* lingüísticos. Un primeiro modelo presentaría unha distribución paulatina e regular das isoglosas sobre o territorio. Con un modelo deste tipo sería difícil establecer obxectivamente fronteiras lingüísticas, xa que a distribución territorial perfectamente gradual das raias dos fenómenos non permitiría illar áreas definidas por un conxunto amplo de solucións lingüísticas comúns, opostas a outras áreas caracterizadas por teren un conxunto amplo de solucións diferentes para eses mesmos fenómenos lingüísticos. Trazar fronteiras lingüísticas nun modelo de *continuum* como este suporía dar prevalencia taxonómica a unhas isoglosas determinadas sobre doutras,

e esa escolla podería te-lo perigo de ser arbitraria ou non obxectivamente motivada.

Máis doado sería trazar fronteiras lingüísticas nun segundo modelo de *continuum* que presentase unha distribución irregular das isoglosas, agrupadas en pequenas áreas territoriais que marcarían transicións lingüísticas rápidas ou abruptas, e deixarían amplos espazos sen a penas variación xeolingüística. Esas áreas de transición rápida ou abrupta constitúen o que a dialectoloxía tradicional denominou metaforicamente “feixes de isoglosas”, dada a súa representación cartográfica como conxuntos de liñas moi próximas (Veny 1986: 119; Chambers & Trudgill 1998: 94).

Habería aínda un terceiro modelo de *continuum*, mixto dos dous anteriores, que presentaría áreas territoriais de transición lenta xunto doutras de transición abrupta. Este caso, moi frecuente na realidade xeolingüística, permitiría tamén trazar fronteiras lingüísticas baseadas nos feixes de isoglosas existentes.

Desta maneira, pensamos que o establecemento de fronteiras xeolingüísticas ten que se basear necesariamente —sempre que encontremos *continua* dos modelos segundo e terceiro— na localización dos feixes de isoglosas. Despois diso, aplicando uns criterios numéricos axeitados, estaremos en condicións de valorármolo tipo de fronteira lingüística achada. Na nosa opinión, só unha avaliación numérica dos trazos lingüísticos implicados nun feixe de isoglosas pode caracterizar obxectivamente o tipo de fronteira lingüística que ese feixe supón e maila entidade taxonómica das áreas xeolingüísticas que tal agrupamento de isoglosas delimita.

### **3. O caso asturiano: a transición lingüística no occidente de Asturias**

O extremo occidental de Asturias encóntrase na área de xuntura (e, xa que logo, de transición, dado que no seu territorio se constitúe historicamente un *continuum* dialectal) de dúas tipoloxías lingüísticas comunmente definidas polos estudos dialectolóxicos: a tipoloxía ‘galega’ —ou atlántica, ou occidental, se non queremos empregar termos étnicos— e maila tipoloxía ‘asturiana’ —ou cantábrica, ou oriental— (García Arias 1998). Asumindo como certa a existencia glotolóxica d’eses dous taxa lingüísticos, co *Estudio da Transición Lingüística na zona Eo-Navia* (ETLEN) propómonos estudar pormenorizadamente a transición entre ámbolos dous nesta área raiana do occidente asturiano. O noso vai ser, entón, un estudio dialectolóxico, estrictamente lingüístico, que vai atender só á variación diatópica ou xeolingüística, e que desbota de antemán a pescuda noutros eixes de variación lingüística (os eixes diastrático e diafásico) e mais nas relacións entre lingua e sociedade.

Este noso estudio dialectolóxico vai ter dous planos diferentes e complementarios:

### 3.1. Dialectoloxía descritiva (Dialectografía)

Nesta primeira parte do estudo, pretendemos aumentar moi considerablemente o coñecemento da variación xeolingüística na área de estudo, tanto na cantidade de puntos investigados como na cantidade de fenómenos lingüísticos estudados. A zona citada é ben coñecida desde o punto de vista lingüístico: hai algunhas descrições dialectais de falas do extremo occidental de Asturias (Fernández 1960; Muñiz 1978; Hernández 1980; Álvarez Blanco 1983; García García 1983; Fernández Vior 1997, 1998a), así como doutras falas veciñas polo leste (Rodríguez-Castellano 1954, 1957; Menéndez García 1963, 1965; Munthe 1988) e polo oeste (Lanza 1933; Santamarina Fernández 1967, 1973; Santamarina 1975; Baamonde Traveso 1977). Ademais, hai algúns vocabularios locais (Acevedo y Huelves & Fernández y Fernández 1932; Pérez Fernández 1988, 1989abc, 1990; Díaz López & García Galano 1996; Suárez Fernández 1996; Fernández López & Pérez Sánchez 2000; López García 2001), estudos de xeografía lingüística da zona (Alonso 1946; Rodríguez-Castellano 1948; Menéndez García 1951, 1963; Navarro 1962; Catalán 1989; García et alii 1990, 1995, 1999; Babarro González 1992, 1993, 1994abc, 1995, 1999; Fernández Vior 1998b; Menéndez & Suárez Fernández 1998) e un bo número doutras obras que tratan aspectos concretos destas falas e que enriquecen dabondo o noso coñecemento da realidade xeolingüística da área. Así e todo, existen sectores deste territorio moi pouco explorados lingüisticamente, os trazados de isoglosas que coñecemos son escasos, e, alén diso, o nivel de coñecemento lingüístico da fala dos diversos puntos estudados non é en absoluto homoxéneo nin en cantidade nin en calidade. Por estas razóns, o noso obxectivo inicial foi facermos unha recollida directa de datos para obtermos un coñecemento detallado —e equiparable nas distintas zonas— da realidade xeolingüística do extremo occidental asturiano e das áreas que o circundan.

Quixemos que os fenómenos estudados fosen

- 1) tódolos que están implicados na transición lingüística entre as dúas tipoloxías ou taxa citados máis arriba. Sabemos que é practicamente imposible abranguer tódolos elementos lingüísticos implicados na transición entre as tipoloxías “occidental” e “oriental” (algúns deles posiblemente aínda estean por describir), pero tentamos aproximarnos a unha relativa exhaustividade nos planos fónico e morfosintáctico. O estudo do léxico neste senso presenta outra serie de problemas e é inabarcable para as nosas posibilidades actuais<sup>2</sup>.
- 2) os que —aínda que non se poidan incluír no grupo de trazos diferenciais entre os dos taxa— presentan variación lingüística na zona de estudo, consonte ós nosos coñecementos actuais. E iso tanto se eses fenómenos son específicos da zona (por exemplo, a

<sup>2</sup> O estudo da transición entre os dous *taxa* no plano do léxico non pode aspirar á exhaustividade, e, xa que logo, esixiría investigarmos unha selección aleatoria e numericamente significativa do vocabulario básico, na que non interviñese en ningún caso o coñecemento previo que temos da transición desas unidades (para deste xeito evitarmos calquera clase de inducción ou xuízo previo na selección desas unidades que puidese predeterminar los resultados). En todo caso, esta investigación suporía un volume de enquisa superior ó que nestes momentos podemos abranguer.

reducción a /e/ semipechado do ditongo “ei” procedente de [e, ε] + [j]: **estreto, dereto, entero...**) como se non o son (por exemplo, a crase do hiato [a.li] > [le.j] en casos como **meiz, reiz, longueiza...**).

A nosa recollida, entón, procura con particular exhaustividade os trazos fónicos e morfosintácticos diferenciadores das dúas tipoloxías, pero non desbota outros casos de variación lingüística, malia non seren diferenciais. Nun principio, a cantidade total de fenómenos estudados —dunha e outra clase— é de 476. A concreción desta parte do estudio será unha colección de mapas dialectográficos clásicos, dos tipos habituais que aparecen nos atlas lingüísticos ordinarios.

### 3.2. Dialectoloxía taxonómica (Dialectometría):

Partindo do coñecemento preciso da distribución espacial dos fenómenos fónicos e morfosintácticos que marcan a transición lingüística entre os dous *taxa* referidos, estaremos en condicións de establecer un índice numérico de afinidade con unha e outra tipoloxía lingüística para cada unha das falas estudadas, baseado nun número suficientemente alto de trazos diferenciais.<sup>3</sup> Coidamos que ese índice numérico de afinidade pode ofrecernos unha base sólida, representativa e o menos arbitraria posible para establecer a taxonomía glotolóxica das falas investigadas. En consecuencia, este segundo plano do noso proxecto de investigación vaise desenvolver dentro do ámbito metodolóxico dos estudos dialectométricos.

A dialectometría é unha corrente dialectolóxica que nace nos anos 70 do século XX como desenvolvemento da dialectoloxía tradicional, da man do lingüista francés Jean Séguy e da súa escola. Máis adiante, prende no ámbito da lingüística cuantitativa e computacional, e nos últimos tempos ven sendo o eido de traballo de autores como Hans Goebel, Wolfgang Viereck, Guillaume Schiltz, Alan R. Thomas, John M. Kirk, William Kretschmar, Wladyslaw Cichocki, Mieko Ogura e outros. A finalidade desta disciplina é aparentemente sinxela: medir obxectivamente “distancias estruturais” entre sistemas lingüísticos e mais establecer unha taxonomía glotolóxica baseada no cómputo e o tratamento matemático dos trazos diferenciais (Goebel 1982; Veny 1986: 26; Berruto 1995: 219; Chambers & Trudgill 1998: 137-140).

Pero para podermos traballar con criterios numéricos, e establecermos así unha taxonomía lingüística sólida e obxectiva, é preciso escollermos con sumo coidado os elementos que imos someter a cómputo. Deste xeito, os trazos lingüísticos cos que imos traballar no estudio dialectométrico van ser escollidos rigorosamente de acordo con estes cinco criterios:

- 1) Criterio glotolóxico: os fenómenos que se van avaliar teñen que

<sup>3</sup> Non está de máis lembrarmos que, ata o de agora, os fenómenos glotolóxicos que se tiveron en conta para marcar a transición entre estes dous *taxa* lingüísticos nunca pasaron —nos casos máis ambiciosos— de vintecinco (Babarro González 1992), vintecatros (Babarro González 1994b) ou vintedous (García Arias 1998). Neste senso, é unha excepción notable o punto de vista de Frías Conde (2001), que considera un total de 68 fenómenos de contraste entre as dúas tipoloxías (vintecinco fónicos e corenta e tres morfosintácticos), aínda que a aplicación xeolingüística deses trazos á zona de entre Eo e Navia é simplificada de máis e —por esa mesma razón— en moitas ocasións resulta pouco precisa.

ser trazos estrictamente lingüísticos. Para establecérmo-lo repertorio de trazos no que se van face-los cómputos dialectométricos refugaremos calquera fenómeno de natureza non estrictamente glotolóxica, e prescindiremos de toda referencia sociolingüística, sociocultural ou política na valoración taxonómica deses trazos (entre outras, da referencia ás linguas-estándar, que pode introducir elementos de valoración sociolingüística alleos ós nosos propósitos estrictamente glotolóxicos).

- 2) Criterio de máxima análise: cómpre distinguírmo-lo maior número posible de trazos co fin de garantírmo-la avaliación íntegra de todos eles, e isto mesmo cando —por apareceren algúns deses trazos sempre xuntos— pode haber tendencia a valoralos como un só fenómeno. Por exemplo, unha forma de infinitivo persoal como **chegáremos** está a amosar dous fenómenos con isoglosa nesta zona: a da “existencia ou non existencia de infinitivo persoal” (**chegáremos** /  $\emptyset$ ) e a de “desinencia de infinitivo persoal con ou sen vocal de apoio na primeira e segunda persoas do plural” (**chegáremos** / **chegarmos**).
- 3) Criterio de non redundancia: cómpre non contabilizármo-lo mesmo fenómeno en entradas diferentes. Por exemplo, é mester non considerarmos un mesmo trazo como fónico e como gramatical asemade. Dese xeito, por exemplo, cómpre non incluímos entre os fenómenos avaliáveis as formas de posesivo de varios posuidores de primeira persoa (**noso, voso** / **nuesu, vuesu**), porque o trazo diferencial non é aquí, en realidade, de natureza gramatical, senón fónica, e ese fenómeno xa está contemplado na entrada correspondente ó mantemento ou ditongación das vocais / $\epsilon$ ,  $\zeta$ / do latín vulgar.
- 4) Criterio de diferencialidade: cómpre escollérmo-los fenómenos que teñan manifestacións asignables a cada un dos dous *taxa* lingüísticos en cuestión, e tamén os que sexan específicos da zona de estudo. Evidentemente, para establecérmo-la taxonomía que queremos facer é imprescindible podermos valorar como “occidentais” ou “orientais” as manifestacións dos fenómenos escolleitos. Hai que engadir aquí unha terceira categoría, correspondente ás solucións específicas da zona que non son compartidas por ningún dos dous *taxa* principais. Con algúns trazos non parece posible establecermos esa dobre (ou triple) división, polo que se vai contar con eles no nivel dialectográfico, pero non no plano dialectométrico. De tódalas maneiras, con unha combinación axeitada de criterios sincrónicos e diacrónicos parece posible aplicarmos esa división tipolóxica a unha cantidade considerable de fenómenos, e, en consecuencia, parece factible establecérmo-las bases do cómputo taxonómico.

- 5) Criterio de equiparación de trazos: como pondera-la diferente incidencia na fala dos distintos trazos é lingüisticamente moi complexo (cando non depende de escollas arbitrarias), no noso estudio dialectométrico imos da-la mesma valoración numérica a tódolos trazos diferenciais considerados, e, consecuentemente, a nosa taxonomía non se vai basear na maior importancia duns fenómenos sobre doutros (como é práctica habitual na dialectoloxía tradicional), senón na proporción numérica do total dos trazos tipolóxicos diferenciais (posición que achamos xustificable dada a nosa pretensión de traballar cun repertorio tentativamente completo de trazos diferenciais). Non deixamos de apreciar que sería máis axeitado podermos facer unha valoración ponderada (quérese dicir, proporcional) dos distintos fenómenos lingüísticos considerados, de acordo co diferente grao de incidencia de cada un deles na fala. Nembargantes, cremos que esa ponderación precisaría un traballo específico de grande complexidade —que queda fóra das nosas posibilidades actuais— no que se valorase a diferente incidencia dos fenómenos lingüísticos, tanto na dimensión paradigmática (a proporción de ocorrencia nas unidades lingüísticas) como na sintagmática (a frecuencia de aparición no decurso).

Despois da aplicación destes criterios ós datos lingüísticos reunidos, e unha vez efectuadas as correspondentes operacións de cómputo, os índices numéricos acadados terán —entre outras posibles concrecións— a forma dunha colección de mapas dialectométricos, entre os que ha de figura-la representación cartográfica do índice global de “occidentalidade” / “orientalidade” de tódalas falas estudiadas (baseado, por exemplo, nunha avaliación numérica na que se asignen uns valores respectivos de +1 / -1). Os mapas dialectométricos poden representar tamén o índice de afinidade de cada fala estudiada con tódalas demais, a zonificación a diferentes niveis das áreas lingüísticas afíns, e outras posibilidades que aínda están por determinar. Coidamos que estes mapas van ofrecer unha interpretación taxonómica obxectiva da realidade xeolingüística da zona estudiada, con base nun número suficientemente grande de trazos diferenciais.

Ata aquí chega a exposición dos fundamentos teóricos e metodolóxicos que sosteñen o noso *Estudio da Transición Lingüística na zona Eo-Navia*. Loxicamente, os aspectos tratados non esgotan a descrición do ETLÉN, e por iso remitimos quen teña interese por coñecer outros detalles do proxecto a un artigo de próxima publicación (de Andrés, Álvarez-Balbuena García & Suárez Fernández, no prelo) no que exporémo-los aspectos relativos á confección do cuestionario, á rede de puntos xeográficos escolleitos para recollérmo-los datos, ás características dos informadores, á realización das enquisas, e mais ó procesamento dos datos e ó estado actual de desenvolvemento dos traballos do ETLÉN.



### Bibliografía citada

- ACEVEDO Y HUELVES, Bernardo & FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ, Marcelino. *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Centro de Estudios Históricos, 1932.
- ALONSO, Dámaso. “El saúco entre Galicia y Asturias (Nombre y superstición)”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 2 (1946): 3-32.
- ÁLVAREZ BLANCO, José Carlos. *El habla del concejo de Illano (Margen occidental del río Navia)*. Memoria de licenciatura (inédita). Uviéu: Universidade de Uviéu, 1983.
- ANDRÉS, Ramón de. “Lingüística y sociolingüística en el concepto de dialecto (I y II)”. *Contextos* 15 (1997): 67-108.
- ANDRÉS, Ramón d'; ÁLVAREZ-BALBUENA GARCÍA, Fernando & SUÁREZ FERNÁNDEZ, Xosé Miguel. “ETLEN: un estudiu cualitativu y cuantitativu de la transición llingüística nel occidente d'Asturies (cuestionariu, puntos d'encuesta, informadores, entrevistas y procesamiento de los datos)”. *Lletres Asturianas* (no prelo).
- BAAMONDE TRAVESO, Gloria. *A fala das parroquias de Arante e Cedo-feita*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1977.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán. “A fronteira entre o galego e o asturiano”. *A Freita* 0 (1992): 11-15.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán. “Os artigos o e el”. *A Freita* 3 (1993): 9-12.
- *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1994a.
- “A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias”. *Lingua e cultura galega de Asturias. Actas das I<sup>as</sup> Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias: Na busca das raíces da Terra Navia-Eo. Homenaxe a Dámaso Alonso. Organizadas pola MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca). Grandas de Salime, 15-16 Decembro 1990*. Ed. de Francisco Fernández Rei. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994b. 81-148.
- “Os pronomes de obxecto directo o, lo, no, el, a, la, na, al...”. *A Freita* 5 (1994c): 17-20.
- “Fronteira lingüística e fronteira administrativa”. *A Freita* 7 (1995): 21-24.
- “As variantes do tipo chen e chíos”. *A Freita* 14 (1999): 14-17.
- BERRUTO, Gaetano. *Fondamenti di sociolinguistica*. Roma - Bari: Editori Laterza, 1995.
- CATALÁN, Diego. “El asturiano occidental. Examen sincrónico y explicación diacrónica de sus fronteras fonológicas”. *Las lenguas circunvecinas del castellano. Cuestiones de dialectología hispano-románica*. Madrid: Editorial Paraninfo, 1989. 30-99.
- CHAMBERS, Jack K. & TRUDGILL, Peter. *Dialectology*. Cambridge - Nova York - Melbourne: Cambridge University Press, 1998.
- DÍAZ LÓPEZ, Jacinto & GARCÍA GALANO, Manuel (1996). *Vocabulario*

- d'A Roda (Tapia). Uviéu: Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, 1996.
- FERNÁNDEZ, Joseph A. *El habla de Sisterna*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1960.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, Adelina & PÉREZ SÁNCHEZ, Susina. *Cousas de Boal*. [Bual]: Asociación de Amas de Casa de Boal, 2000.
- FERNÁNDEZ VIOR, José Antonio. *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 1997.
- *Vocabulario da Veiga*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 1998a.
- “Algunhas isoglosas del conceyo da Veiga”. *Estudios das terras del Navia-Eo*. Uvieo: Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 1998b. 81-84.
- FRÍAS CONDE, Xavier. “Os límites entre galego e asturleonés en Asturias”. *Revista de Filología Románica* 18 (2001): 51-71.
- GARCÍA, Constantino (dir); SANTAMARINA, Antón (dir.) & FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.). *Atlas Lingüístico Galego. Volume I. Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 1990.
- *Atlas Lingüístico Galego. Volume II. Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 1995.
- *Atlas Lingüístico Galego. Volume III. Fonética*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 1999.
- GARCÍA ARIAS, X[osé] Ll[uis]. “El continuum llingüístico ente'l gallegu y l'asturianu”. *Estudios das terras del Navia-Eo*. Uvieo: Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 1998. 85-89.
- GARCÍA GARCÍA, José. *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)*. Mieres: Instituto «Bernaldo de Quirós», 1983.
- GOEBL, Hans. *Dialektometrie. Prinzipien und Methoden des Einsatzes der numerischen Taxonomie im Bereich der Dialektgeographie*. Viena: Verlag der Österreichischen Akademie der Wissenschaften, 1982.
- HERNÁNDEZ, Alipio. “Algunas características del habla de As Figueiras”. *Estudios y trabayos del Seminariu de Llingua Asturiana II*. Ed. de X.Ll. García Arias. [Uviéu]: Universidá d'Uviéu - Serviciu Publicaciones, 1980. 121-128.
- LANZA, Francisco. “Falan os de Ribadeo (Notas folklóricas e leisico-gráficas recollidas n-ista vila)”. *Nós* 15 (1933): 146-154, 169-172, 207-211.
- LÓPEZ GARCÍA, María Teresa. *Vocabulariu de Bual y algúa cousa más*. [Xixón]: Fundación Nueva Asturias, 2001.
- MENÉNDEZ, Xabiel G. & SUÁREZ FERNÁNDEZ, Xosé Miguel. “Úa / unha nel Navia-Eo”. *Estudios das terras del Navia-Eo*. Uvieo: Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 1998. 91-95.
- MENÉNDEZ GARCÍA, Manuel. “Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias”. *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos* 14 (1951): 277-299.
- *El Cuarto de los Valles (un habla del occidente asturiano) I*. Uviéu: Instituto de Estudios Asturianos, 1963.
- *El Cuarto de los Valles (un habla del occidente asturiano) II (vocabulario*

- índices). Uviéu: Instituto de Estudios Asturianos, 1965.
- MUNTHE, Åke W. *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*. Uviéu: Serviciu de Publicaciones - Universidá d'Uviéu, 1988.
- MUÑIZ, Celso. *El habla del Valledor –Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias - España)–*. Amsterdam: Academische Pers, 1978.
- NAVARRO, Tomás (dir.). *Atlas lingüístico de la Península Ibérica. I. Fonética, 1*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1962.
- PÉREZ FERNÁNDEZ, Josefina. “Vocabulario de Tox (Navia)”. *Lletres Asturianas* 30 (1988): 121-139.
- “Vocabulario de Tox (Navia) (E-H)”. *Lletres Asturianas* 31 (1989a): 133-160.
- “Vocabulario de Tox (Navia) (K-O)”. *Lletres Asturianas* 33 (1989b): 123-146.
- “Vocabulario de Tox (Navia) (P-R)”. *Lletres Asturianas* 34 (1989c): 77-99.
- “Vocabulario de Tox (Navia) (S-Z)”. *Lletres Asturianas* 35 (1990): 67-85.
- R[ODRÍGUEZ]-CASTELLANO, L[orenzo]. “Palatalización de la l inicial en zona de habla gallega”. *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos* 4 (1948): 113-134.
- RODRÍGUEZ-CASTELLANO, Lorenzo. *Aspectos del bable occidental*. Uviéu: Instituto de Estudios Asturianos, 1954.
- R[ODRÍGUEZ]-CASTELLANO, Lorenzo. *Contribución al vocabulario del bable occidental*. Uviéu: Instituto de Estudios Asturianos, 1957.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antonio. *Vocabulario del Valle del Suarna*. Memoria de licenciatura (inérita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1967.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antonio. *El habla del Valle del Suarna*. Tese de doutoramento (parcialmente inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1973.
- SANTAMARINA, Antón. “Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)”. *Verba* 2 (1975): 307-323.
- SUÁREZ FERNÁNDEZ, Xosé Miguel. *Vocabulario de Mántaras (Tapia)*. *Aportacións al léxico del galego-asturiano*. A Caridá: Xeira, 1996.
- VENY, Joan. *Introducció a la dialectologia catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana, 1986.

D'Andrés Díaz, Ramón, Álvarez-Balbuena García, Fernando e Suárez Fernández, Xosé Miguel. “Proxecto ETLEN para o estudio dialectográfico e dialectométrico da zona Eo-Navia, Asturias: fundamentos teóricos e metodolóxicos”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

